

INICIO CURSO 2022-2023

Calendario Presentacións

Xoves, 8 de setembro

09:30 h – 4º ESO

10:30 h – 3º ESO

11:30 h – 2º ESO

12:30 h – 1º ESO

Venres, 9 de setembro

09:30 h – 2º BAC

10:30 h – 1º BAC

Para as presentacións, o alumnado entrará no centro pola porta situada xunto ao Pavillón *Daniel Cordido* e agardará no patio cuberto a ser chamado pola Dirección do IES Ánxel Fole. Deberán vir provistos de papel e bolígrafo.

O venres, 9 de setembro o alumnado da ESO de novo ingreso no centro acudirá á recollida do seu ordenador do Proxecto E-DIXGAL. Deberán traer o acordo de cesión asinado polo seus pais/nais/titores legais. Entregaráselles o antedito acordo na sesión de presentación.

A entrega de ordenadores farase no seguinte horario:

09:00 h – Alumnado de 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO que se incorporen este curso por primeira vez ao centro.

09:15 h – Alumnado de 1º ESO A

10:00 h – Alumnado de 1º ESO B

10:45 h – Alumnado de 1º ESO C

11:30 h – Alumnado de 1º ESO D

As clases empezarán o día 12 de setembro.

Este curso, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade efectuará obras de mellora no IES Ánxel Fole que consistirán en:

- **Revestimento térmico de fachadas.**
- **Instalación placa de xeso laminado reforzado con tecido de fibra.**
- **Instalación falso teito rexistrable con panel acústico de lana de roca.**
- **Cambio da carpintería do centro.**
- **Instalación termostatos e válvulas termostáticas.**
- **Cambio da luminaria.**
- **Reforma aseos segunda planta.**
- **Ampliación Biblioteca Escolar.**
- **Novas aulas auxiliares.**
- **Novo Departamento de Orientación e aseos Ximnasio.**
- **Pintura.**

Para poder realizar estas tarefas o mellor posible e coa maior seguridade, este curso o horario lectivo do centro aprobado pola Xefatura Territorial en Lugo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade será o seguinte:

Luns e martes de 08:30 h – 14:50 h.

Mércores, xoves e venres de 09:00 h – 14:30 h.

Nas vindeiras semanas o profesorado titor da ESO convocará aos pais/nais/titores legais do alumnado do seu grupo a unha reunión. A convocatoria farase por escrito e remitirase ás familias a través do alumnado.